

Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO
DE GOBERNO Á REDACCIÓN E APROBACIÓN DUN
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM)
PARA MONFORTE DE LEMOS**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) constitúe o principal instrumento de ordenación urbanística dun municipio. A través del establécese a clasificación e cualificación do solo, planifícanse os usos do territorio, defínese o modelo de crecemento e organízase o desenvolvemento sostible do termo municipal.

Na actualidade, o Concello de Monforte de Lemos carece dun PXOM actualizado e adaptado á Lei do Solo de Galicia e á normativa estatal vixente. Esta situación provoca un marco de inseguridade xurídica, limita o desenvolvemento económico e urbanístico, frea o asentamento de novas actividades empresariais ou residenciais e dificulta a execución de proxectos tanto públicos como privados.



Non se explica que este equipo de goberno sexa tan proclive a realizar obras de urbanismo, como as urbanizacións nas zonas denominadas C ou D no centro urbano ao carón do río, e non se decida a aprobación do PXOM. É dunha absoluta irresponsabilidade abrir rúas e zonas urbanas novas sen ter aprobado un plan de urbanismo primeiro.

É, polo tanto, unha prioridade que o Concello de Monforte inicie o proceso de redacción e aprobación dun novo PXOM, con garantías de participación cidadá, transparencia e cumprimento dos prazos administrativos establecidos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal abaixo asinante presenta para o seu debate e aprobación, se procede, polo pleno da Corporación a seguinte proposta de acordos:

- Instar ao equipo de goberno do Concello de Monforte de Lemos a iniciar de inmediato a redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), como instrumento esencial para o desenvolvemento urbanístico, económico e social do municipio.
- Elaborar e facer público un calendario de traballo que recolla as distintas fases do procedemento de elaboración e tramitación do PXOM (avance, aprobación inicial, exposición

pública, aprobación provisional e aprobación definitiva), cos prazos estimados para cada unha delas.

- Garantir a participación da veciñanza, asociacións, colectivos sociais e axentes económicos mediante a celebración de xornadas informativas, consultas públicas e a habilitación de canles para a presentación de propostas e alegacións ao longo de todo o proceso.
- Dotar unha partida específica nos orzamentos municipais destinada á contratación de equipos técnicos especializados para a redacción do PXOM, así como para os traballos e informes necesarios.
- Dar traslado deste acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, solicitando a colaboración e asesoramento técnico para a correcta elaboración do novo plan.